

B.3.- AS ETAPAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA

A Revolución Francesa desenvolveuse entre os anos 1789 e 1799, pódense establecer tres etapas:



► ETAPA DA MONARQUÍA CONSTITUCIONAL (1789-1792)

Foi a etapa máis decisiva da Revolución xa que durante a mesma produciuse o **cambio político que convertería a Francia nun Estado liberal.**

A burguesía moderada intentou chegar a un acordo co rei e os privilexiados para converter Francia nunha monarquía constitucional, é dicir: o rei seguía ao fronte do Estado pero a súa autoridade estaba limitada pola Asemblea ou parlamento que representaba á Nación francesa, auténtica soberana.


Para desmontar o Antigo Réxime a Asemblea Nacional comezou a gobernar e redactar novas leis, entre as que destacan:

- Aprobación o 4 de agosto do **Decreto de abolición do réxime feudal**, que supoñía a fin da servidume dos campesiños, a desaparición dos dereitos dos Señores (cobro de impostos, esixir traballos de balde aos campesiños, dereito a impartir xustiza...), a eliminación do dezmo e dos privilexios fiscais...



Neste gravado do s.XVIII o personaxe que vai subido ás costas do outro di: “Sabía que chegaría o noso turno”.

● **A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán** (26 de agosto de 1789), no que se recoñecían os dereitos e se garantían as liberdades das persoas, a igualdade de todos os cidadáns ante a lei e os impostos, a liberdade de pensamento e de crenzas e a propiedade individual. Esta Declaración foi o preámbulo da Constitución, pois xa adiantaba a *soberanía nacional* e a *separación de poderes*.



? **15.-** Por que os primeiros Decretos redactados pola Asemblea Nacional **poñían fin** ao Antigo Réxime?

Declaración dos dereitos do Home e do Cidadán (26 de agosto de 1789)

“Os representantes do pobo francés, constituídos en Asemblea Nacional (...) acordaron expoñer nunha declaración solemne os dereitos naturais, inalienables e sagrados do home.

“Artigo 1º.- Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos (...)

Artigo 2º.- O obxecto de toda sociedade política é a conservación dos dereitos naturais e imprescriptibles do home. Estes dereitos son a liberdade, a propiedade, a seguridade e a resistencia á opresión.

Artigo 3º.- O principio de toda soberanía reside esencialmente na Nación. Ningún corpo, ningún individuo, pode exercer autoridade que non emane expresamente dela.

Artigo 6º.- A Lei é a expresión da vontade xeral. Todos os cidadáns teñen dereito a contribuír persoalmente, ou por medio dos seus representantes, a formala. A Lei debe ser idéntica para todos...”

B.3.- AS ETAPAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA

Abolición do Réxime feudal (4 de agosto de 1789)

“Artigo 1º.- A Asemblea suprime e decreta que os dereitos e deberes, tanto feudais como censais (...) son abolidos sen indemnización.

Artigo 3º.- O dereito de caza e de couto aberto queda de igual xeito abolido.

Artigo 4º.- Todas as xustizas señoriais suprimense sen ningunha indemnización.

Artigo 5º.- Os dezmos (...) aboliranse.

Artigo 11º.- Todos os cidadáns, sen distinción de nacemento, poderán ser admitidos a todos os empregos e dignidades eclesiásticas, civís e militares, e ningunha profesión útil reportará deshonra.”

? 15.- Por que os primeiros Decretos redactados pola Asemblea Nacional **poñían fin** ao Antigo Réxime?

Fóra os privilexios!!

Abaixo os dezmos!

Todos somos Iguais...!




● **A Constitución de 1791**, obra culminante da Asemblea, foi aprobada o 3 de setembro de 1791. Foi a primeira constitución europea e exerceu unha enorme influencia en constitucións posteriores tanto en Francia como noutros países. Francia convertíase nunha **monarquía constitucional** rexida polos principios da *soberanía nacional* e a *separación de poderes*.

- **O Goberno (poder executivo)** seguía en mans do rei, que podía exercer o seu dereito de veto para bloquear as leis nacidas da Asemblea, aínda que non podía disolvela. Tiña ademais o poder de nomear ou destituír aos ministros.

- **A Asemblea (poder legislativo)** estaba formada polos representantes da Nación elixidos cada dous anos por *sufraio censitario* reservado para os cidadáns “activos”, é dicir, aqueles que podían acreditar un determinado nivel de renda, que na práctica representaban unha pequena porcentaxe da poboación masculina (15%). As súas funcións eran votar as leis, controlar a política exterior, aprobar os orzamentos, controlar a labor do rei e os ministros.

- **Os Tribunais de Xustiza (poder xudicial)** quedaban a cargo de xuíces electos independentes.



? **16.-** Por que o sistema electoral era *censitario* e *indirecto*?

17.- Define Constitución.


? **16.-** Por que o sistema electoral era *censitario* e *indirecto*?

17.- Define Constitución.

Lei electoral de 1791

Para formar a Asemblea Nacional lexislativa os cidadáns deben reunirse cada dous anos en asembleas primarias nas cidades e nos cantóns.

Para ser cidadán activo é preciso: ter nacido ou ter sido francés; ter cumprido os 25 anos; estar domiciliado na cidade ou no cantón; pagar en calquera lugar do reino unha contribución directa igual, polo menos, ao valor de tres xornais, e presentar o correspondente recibo.



Constitución

Lei suprema dun Estado que recolle os dereitos e deberes dos cidadáns e os principios que son a base do seu sistema político. As Constitucións norteamericana de 1787 e francesa de 1791 recollían os principios políticos dun Estado Liberal: soberanía nacional, división de poderes, declaración de dereitos e liberdades, igualdade diante da lei...



Gravado do s.XVIII que mostra aos tres estamentos forxando a Constitución. Agora o Terceiro Estado ocupa o centro!

Constitución francesa de 1791

“A Asemblea Nacional, querendo establecer a Constitución francesa sobre os principios que acaba de recoñecer e declarar, derroga irrevocablemente as institucións que danaban a liberdade e igualdade de dereitos. Desde agora non hai nobreza, nin pares, nin distincións hereditarias, nin de ordes, nin réxime feudal.

Desde agora non hai ninguna parte da Nación, nin para ningún individuo, ningún privilexio nin excepción ao dereito común de todos os franceses.

Desde agora non hai corporacións de profesións, artes e oficios.

Art.1º.- *A Soberanía é unha, indivisible, inalienable e imprescriptible. Pertence á Nación. Ningunha sección do pobo, nin ningún individuo poden atribuirse o seu exercicio.*


Art.2º.- *A Nación, da que emanan todos os poderes, non os pode exercer máis que por delegación. A Constitución francesa é representativa: os representantes son o Corpo lexislativo e o rei.*

Art.3º.- *O poder lexislativo está delegado nunha Asemblea Nacional composta por representantes temporais elixidos polo pobo.*

Art.4º.- *O Goberno é monárquico: o poder executivo está delegado no rei, para ser exercido baixo a súa autoridade por ministros e outros axentes responsables.*

Art.5º.- *O poder xudicial está delegado en xuíces elixidos temporalmente polo pobo.”*

? **18.- Compara** os novos principios establecidos pola Constitución de 1791 cos principios do Antigo Réxime.



	ANTIGO RÉXIME	CONSTITUCIÓN DE 1791
ORGANIZACIÓN POLÍTICA	Absolutismo	Monarquía Constitucional
SOBERANÍA	Reside no rei, cargo hereditario e de orixe divino	Reside na Nación, que a delega nos seus representantes
DEREITOS E LIBERDADES	Arbitrariedade do monarca e diferentes dereitos segundo o nacemento	Dereitos inalienables do cidadán: liberdade, propiedade privada, igualdade ante a lei...
PODERES	Concentrados nas mans do rei: executivo, lexislativo, xudicial, militar	Separación de poderes: executivo (rei e ministros), lexislativo (Asemblea) e xudicial (xuíces)
LEIS	Decretos do monarca	Constitución e leis votadas pola Asemblea
REPRESENTACIÓN	Cortes formadas polos representantes dos tres estamentos que o rei poucas veces convocaba	Asemblea elixida por sufraxio censitario e indirecto

? **18.- Compara** os novos principios establecidos pola Constitución de 1791 cos principios do Antigo Réxime.



Tras a aprobación da Constitución formouse unha **Asemblea Lexislativa**, que elaborou novas leis para implantar o liberalismo, obrigou á nobreza a pagar impostos e aboliu a organización gremial. Para defender a Revolución, creou un novo exército, a **Garda Nacional**. A pesar do carácter moderado da Constitución, **a familia real e os privilexiados non aceptaron os cambios** e buscaron o apoio das monarquías absolutas europeas para restablecer o absolutismo. Austria organizou un exército para invadir Francia e a familia real intentou fuxir para unirse aos austríacos, pero foron encarcerados en xuño de 1791.



Intento de fuga da familia real en Varennes, 21 de xuño de 1791

► **ETAPA DA CONVENCION REPUBLICANA (1792-1794)**

A persistencia de problemas económicos e sociais, a traizón do rei e a invasión militar (as tropas da coalición internacional antirrevolucionaria chegaron preto de París en 1792) provocaron a radicalización da Revolución. O 10 de agosto de 1792 tivo lugar en París un levantamento das clases populares, os *sans-culottes*, a familia real foi encarcerada tras o asalto do Palacio real das Tullerías e isto serviu de pretexto para que a Asemblea Nacional **suprimira a monarquía e proclamara a República en setembro de 1792**, (a república ven sendo unha forma de goberno na que a figura do rei é substituída pola dun presidente ou un grupo de persoas que se encargan do poder executivo; a diferenza do carácter vitalicio do monarca os cargos republicanos son electivos).

- ? 19.- Cales son os motivos que explican o **final** da primeira etapa da Revolución?
- o 20.- Sinala as **diferenzas** entre unha monarquía e unha república.



? 19.- Cales son os motivos que explican o **final** da primeira etapa da Revolución francesa?

20.- Sinala as **diferenzas** entre unha monarquía e unha república.

Luis XVI e a súa familia fuxiron de Versalles o 21 de xuño de 1791, pero foron detidos e obrigados a viaxar a París. O desprestixio da monarquía foi grande, o rei foi perdoado pero tivo que xurar a Constitución de 1791, convertendo a Francia nunha Monarquía Constitucional.

Nunha **Monarquía** o **Xefe do Estado** é o **Rei**, que soe acceder ao cargo de forma hereditaria. Se os poderes do rei están regulados e limitados por unha Constitución fálase de Monarquía Constitucional ou Parlamentaria.



Nunha **República** o **Xefe do Estado** é un **Presidente**, elixido polos cidadáns a través de eleccións presidenciais celebradas cada certo tempo.






A Revolución das mulleres

As mulleres participaron activamente na Revolución: protagonizaron marchas para protestar pola escaseza e o alto prezo do pan, teceron vendas para os combatentes... Algunhas delas comezaron a reivindicar a igualdade de dereitos cos homes. Entre elas sobresaíu Olimpia de Gouges, que elaborou unha “Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá”:

Art.1.- A muller nace libre e igual ao home en dereitos (...)

Art.3.- O principio de toda soberanía reside esencialmente na nación, que é o conxunto de mulleres e de homes (...)

Non entanto, o desenvolvemento da Revolución non contemplou a igualdade entrambos os dous sexos e privou ás mulleres da maioría dos dereitos sociais e políticos que se lles recoñeceron aos homes, como o dereito ao voto e a igualdade xurídica.



J. H. Éditeur, Paris. — DÉPOSÉ

LA MARSEILLAISE

PAROLES ET MUSIQUE DE ROUGET DE LISLE

Allegro moderato
f *Assai fermemente*

1^{er} COUPLET

Allons! en fants de la Pa-tri-e! Le jour de gloire est ar-ri-
vé; Contre nous de la ty-ran-ni-e L'éten-dard sanglant est le -vé, L'éten-
-dard sanglant est le -vé! Enten-dez-vous dans les cam-pagnes Mu-
-ger ces fe-ro-cés sol-dats? Ils viennent jusque dans nos bras Egor-
-ger nos fils nos com-pagnes! Aux ar-mes ci-toy-ens for-mez vos batail-
-lons! Marchons! marchons! Qu'un sang im-pur a - breu-ve nos ail-lons!

2
Que veut cette horde d'échaves,
De traitres, de vils coquins?
Pour qui ces ignobles entraves,
Ces fers de longs jours préparés?
Français, pour nous, ah! quel outrage!
Quels transports il doit exciter!
C'est nous qu'on ose opprimer!
De rendre à l'instant esclave!
Aux armes, ôc

4
Tremblez, tyrans et vous, perfides,
L'opprobre de tous les partis!
Tremblez, vos projets parricides,
N'est-ce point à nous que vous méditez?
N'est-ce point nous, vos dévoués?
N'est-ce point nous, vos dévoués?
S'ils tombent, nos jeunes héros,
La terre en produit de nouveaux!
Contre vous, tout prêts à se battre!
Aux armes, ôc


6
AMOUR SACRÉ de la Patrie
Conduis, soutiens nos bras vengeurs,
Liberté, Liberté chérie,
Combats avec tes défenseurs!
Soutiens nos drapeaux que la victoire
Accourut à tes mille bannières!
Que tes ennemis expirants
Voient ton triomphe et notre gloire!
Aux armes, ôc

A **Marsellesa** converteuse no himno nacional francés. Era a canción que cantaban os voluntarios marseleses que chegaron a París a defender a Revolución, ante unha posible invasión de Austria.



Co inicio da República buscouse romper co anterior. O anticlericalismo levou a substituír o calendario gregoriano polo **calendario revolucionario**, que suprimía as festas relixiosas. O ano 1 para os revolucionarios era 1792 e comezaba o día 22 de setembro, mes no que se aboliu a monarquía. Todos os meses tiñan nomes de estados atmosféricos ou de procesos agrícolas, cada un deles tiña 30 días e os 5 días restantes, denominados “sansculótidos” dedicábanse a festas. O novo calendario empregouse entre 1792 e 1806.


O inicio da República significou a entrada na fase máis radical e popular da Revolución. En setembro de 1791, a Asemblea Lexislativa convocou novas eleccións, celebradas por **sufrixio universal masculino** (dereito ao voto independentemente da riqueza). A nova Asemblea chamouse **Convención Nacional** e pasou a asumir os poderes executivo e lexislativo. Dentro deste parlamento había distintos grupos políticos entre os que pronto xurdiron enfrontamentos.



? 21.- Que **grupos políticos** diferentes xurdiron durante a Revolución?

► A República quedou nas mans dos **xirondinos**, representantes do sector máis moderado da burguesía. A **Convención xirondina**, ante a presión dos xacobinos, iniciou un xuízo contra Luis XVI e a raíña María Antonieta. Acusado de traizón, o rei foi condenado e executado na guillotina o 21 de xaneiro de 1793.

A morte do rei provocou a alianza das monarquías europeas absolutistas (Austria, Prusia, Gran Bretaña, España...), que formaron unha **Primera Coalición** contra Francia, mentres que no interior do país estalaron **revoltas contrarrevolucionarias e conspiracións realistas** protagonizadas polos antigos privilexiados.



? 22.- Que sucedeu tras a **morte** de Luis XVI?


? 21.- Que **grupos políticos** diferentes xurdiron durante a Revolución?



A orixe dos termos “esquerda” e “dereita” procede dos tempos da Revolución Francesa. Entón non existían os partidos políticos como tales, pero si grupos con ideoloxías afíns. Os debates na Asemblea enfrontaban aos propietarios burgueses máis **conservadores** (constitucionalistas e monárquicos) e sentados á **dereita** da presidencia, que se opoñían aos cambios sociais e políticos profundos, cos **partidarios de continuar co proceso revolucionario**, situados á **esquerda** da cámara. Entre os “patriotas” revolucionarios, os máis moderados eran os xirondinos e os máis radicais os xacobinos e cordeliers, que esixían o establecemento do sufraxio universal.

? 22.- Que sucedeu tras a **morte** de Luis XVI?

Na primavera de 1793, producíronse protestas e revoltas campesiñas, como a sublevación contrarrevolucionaria que estalou na rexión da **Vendée**, onde se creou un exército a favor da monarquía, apoiado pola nobreza e o clero. A rebelión chegou a estenderse por todo o oeste de Francia.




► En xuño de 1793, os **xacobinos**, o sector máis radical da burguesía, co apoio nas rúas dos *sans-culottes*, conseguiron desprazar do Goberno aos xirondinos. Empezaba o período da **Convención xacobina ou montañesa**, a Revolución entrou na súa fase máis extrema para satisfacer as demandas dos sectores populares.

Proclamouse unha **nova Constitución** (que non chegou a entrar en vigor) cun carácter máis social e democrático, baseada na **soberanía popular** e o **sufrixio universal masculino**. O executivo quedou nas mans dun **Comité de Salvación Pública**, que lle outorgou o poder a **Robespierre**, que implantou unha **ditadura**, de forma que a separación de poderes quedou moi debilitada.

A revolución radicalizouse. Lograron vencer na guerra contra as potencias estranxeiras que invadiran Francia, ampliando o exército mediante unha **leva en masa** (primeiro exemplo dun exército nacional baseado no recrutamento obrigatorio de todos os cidadáns). Decidiuse xulgar aos contrarrevolucionarios, para o que se creou un **Tribunal Revolucionario**, que impulsou a política do **Terror**, suspendendo as liberdades e castigando coa prisión ou a morte na guillotina a aqueles que se opoñían ao goberno (*leis de sospeitosos*).

Ao mesmo tempo, para satisfacer as demandas populares, ditaron **leis sociais**: control dos prezos e os salarios, distribucións dos bens dos contrarrevolucionarios entre os indixentes, a venda das terras do clero, ensinanza gratuíta...

O Terror e o proceder ditatorial do goberno provocaron a oposición de boa parte da poboación e, en xullo de 1794, o **golpe de Estado de Termidor** acabou co goberno xacobino. Robespierre e outros líderes xacobinos foron executados na guillotina.



? 23.- Que **medidas** tomou a *Convención xacobina*?

24.- Como **rematou** esta etapa?

- ? 23.- Que **medidas** tomou a Convención xacobina?
o 24.- Como **rematou** esta etapa?


O “**Terror**” empezou en setembro de 1793 e se prolongou ata marzo de 1794. Foi o período máis sanguento da Revolución francesa, pois en tan curto espazo de tempo morreron na guillotina máis de 40000 persoas.

O seu principal protagonista foi Robespierre, que aprobou a “**Lei de sospeitosos**”, pola que se podía xulgar e executar a calquera sen necesidade de probas. Podía ser acusado de alta traición “quen non tivese feito nada contra a liberdade, pero que tampouco fixera nada por ela...”. A brutal represión afectou non só aos grupos contrarrevolucionarios, senón tamén a miles de xirondinos, nobres, clérigos... incluso foron axustizados antigos colaboradores de Robespierre como Danton ou Desmoulins.



Robespierre (1758-94)

Era fillo dun avogado, profesión que el mesmo desempeñou. Foi elixido como integrante do Terceiro Estado para os Estados Xerais de 1789, e xa destacou no sector radical da Asemblea Constituínte. Chegou ao poder apoiado polos sans-culottes, como integrante de la Convención Nacional (que chegou a presidir) e, tras dar en 1793 un golpe de Estado, estableceu o chamado Terror, unha ditadura que lle permitiu eliminar aos seus adversarios políticos. El mesmo morreu guillotinado o 28 de xullo de 1794.



ESTALLIDO REVOLUCIONARIO

ASAMBLEA NACIONAL (1789-1792)

CONVENCIÓN (1792-1794)

DIRECTORIO (1794-1799)

Nombre dado a la Asamblea elegida por sufragio universal tras la proclamación de la República en 1792

GIRONDINOS

Burguesía Moderada

CONVENCIÓN

JACOBINOS

Burguesía Radical

CONVENCIÓN (1792-1794)

Ejecución de Luis XVI, 1793

PROVOCA

- Coalición absolutista contra Francia
- Revueltas contrarrevolucionarias de campesinos

SE PONE EN PELIGRO LA REVOLUCIÓN

Fase Radical desde junio 1793

Nueva Constitución 1793

- Soberanía popular
- Sufragio Universal directo
- Derecho de igualdad

DEMOCRACIA SOCIAL

Política del Terror de ROBESPIERRE

- ley de sospechosos

Reformas sociales

- Apoyo a los Sans Culottes
- Control precios y salarios
- Supresión del culto

ESTALLIDO REVOLUCIONARIO

ASAMBLEA NACIONAL (1789-1792)

CONVENCIÓN (1792-1794)

DIRECTORIO (1794-1799)

CAÍDA DE ROBESPIERRE Y LOS JACOBINOS

CAUSAS

- Gobierno dictatorial jacobino
- Radicalización de la Revolución
- Victorias de los ejércitos franceses



Detención de Robespierre, 1794

Todos los opositores se unen

JULIO 1794


GOLPE DE ESTADO DE TERMIDOR

ALTA BURGUESÍA

REPÚBLICA BURGUESA

NUEVO ENCAUCE BURGUES DE LA REVOLUCIÓN

CONVENCIÓN (1792-1794)



► ETAPA DO DIRECTORIO E A FIN DA REVOLUCIÓN (1794-1799)

Tras o *golpe de Estado de Termidor* a burguesía moderada tomou de novo o control da Revolución e esta entrou na súa terceira e derradeira etapa. Anuláronse as leis xacobinas e redactouse unha nova Constitución en 1795 (*A Constitución do ano III*).

Estableceuse un réxime liberal, baseado na soberanía nacional, o sufraxio censitario e na separación de poderes, o poder lexislativo dividiuse en dúas Cámaras e o poder executivo recaía nun **Directorio** de cinco membros.

O novo Directorio viviu nunha permanente inestabilidade porque tivo que lles facer fronte tanto á oposición da aristocracia, que pretendía instaurar a monarquía e recuperar os privilexios, como á das clases populares, que apoiaban o retorno dos xacobinos.

Neste contexto de crise e en plena guerra contra as potencias absolutistas, en 1799, un xeneral novo, **Napoleón Bonaparte**, protagonizou o **golpe de Estado do 18 de Brumario**, que acabou co Directorio.



*Tras o golpe de Estado o Directorio foi substituído por un Consulado dirixido por tres cónsules. Finalmente **Napoleón** conseguiu ser nomeado **primeiro cónsul** e apoderouse do poder.*

- ? 25.- Comenta as **características** do *Directorio*.
- 26.- Que **sucedeu** tras o fin desta etapa?
- 27.- **Completa** o cadro comparativo que figura na páxina seguinte.

? 25.- Comenta as **características** do Directorio.


26.- Que **sucedeu** tras o fin Directorio?

27.- **Completa** o cadro comparativo que figura na páxina seguinte.



E tras o fin da Revolución...que?

Despois de poñer fin á Revolución e proclamarse **cónsul**, Napoleón puxo en marcha unha serie de reformas políticas e económicas en Francia, que pretendían consolidar os principios revolucionarios que defendían os burgueses moderados. Á vez iniciou unha expansión militar que o levou a conquistar gran parte de Europa e a converterse en **emperador** no ano 1804. Con todo, unha serie de alianzas internacionais acabaron por derrotalo. Iniciouse así en Europa unha época de reactivación antiliberal denominada **Restauración**, na que volveron ao poder os monarcas do Antigo Réxime. A pesar dos intentos absolutistas, a Restauración non puído impedir a expansión por Europa do **liberalismo** e o **nacionalismo**, ideas e valores xurdidas coa Revolución que levaron ás **revolucións de 1820, 1830 e 1848**.

ETAPAS 	MONARQUÍA CONSTITUCIONAL (1789-1792)	CONVENCIÓN REPUBLICANA (1792- 1794) Xirondinos/ Xacobinos	DIRECTORIO (1794-1799)
CONSTITUCIÓN			
FORMA DE ESTADO			
SOBERANÍA			
PODER LEXISLATIVO			
PODER EXECUTIVO			
Otras características...			

ETAPAS 	MONARQUÍA CONSTITUCIONAL (1789-1792)	CONVENCIÓN REPUBLICANA (1792-1794) <i>Xirondinos/ Xacobinos</i>	DIRECTORIO (1794-1799)
CONSTITUCIÓN	1791, moderada	1793, más democrática, non entrou en vigor	1795 (do ano III), moderada
FORMA DE ESTADO	Monarquía Constitucional	República	República
SOBERANÍA	Nacional, sufraxio censatario e indirecto, >25...	Popular, sufraxio universal masculino, >21	Nacional, sufraxio censatario, >21
PODER LEXISLATIVO	Asemblea Nacional, elixida cada 2 anos	Convención Nacional elixida cada ano <i>TERROR</i>	Dúas Cámaras: <u>Consello 500</u> : redacta <u>Consello Anciáns</u> : aproba
PODER EXECUTIVO	Rei, ministros	Convención Nacional que delega en Comité de Salvación Pública...	Directorio de 5 membros
Outras características...		<i>Ditadura de Robespierre</i>	

FASES DE LA REVOLUCIÓN FRANCESA

